



Rogos e preguntas do Pleno de xuño de 2020

Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.

1. **Sería posible que na pista da Banda do Río e no circuíto de baloncesto das Lagoas se acendese algún foco máis?**

Tomamos nota do aviso para cando sexa posible.

Preguntas formuladas por Dona María Blanco Blanco.

1. **En canto ao Departamento de Servizos Sociais, apareceron dez novos casos de familias solicitando axuda. Xa se comezaron a xestionar estas axudas? Esas axudas son con cargo ao Concello ou cóntase co apoio de Cáritas? Cremos necesario establecer un convenio de colaboración con esta asociación.**

Desde o inicio do confinamento, as traballadoras do Departamento de Servizos Sociais afanáronse por tratar de paliar as circunstancias adversas ás que moitas familias tiveron que enfrontarse por mor da pandemia; e poder atender as demandas de necesidade urxente das/os veciñas/os que se atopaban en situación de risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo ou en situación de especial vulnerabilidade, como as persoas maiores ou con discapacidade que viven soas.

Ademais de atender consultas telefónicas de índole diversa, realizáronse 176 intervencións contabilizadas, co obxecto de facilitar e axilizar a xestión e resolución dos expedientes das prestacións económicas (RISGA, AIS e PNC). Desde o Programa de Educación Familiar mantívose contacto periódico telefónico coas familias incluídas neste programa e cos/as orientadores/as dos centros educativos.

Facilitouse a través da concellaría de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico, conexión a Internet a familias que a necesitaban para as tarefas escolares dos seus menores. A través do SAF extraordinario deron cobertura a un total de 25 usuarixs cuxas conxunturas eran diferentes; entre os cales se atopaban as 10 familias ás que vostede fai referencia na súa pregunta.

En canto o inicio da desescalada o permitiu, as traballadoras do departamento comezaron a tramitación de Axudas de Emerxencia Social Extraordinaria. Na actualidade, son máis de 20 as concedidas para atender necesidades perentorias de alimentación e produtos de hixiene. Desde o día 15 de xuño, están a prestar axuda na

xestión de preto dunha vintena de solicitudes do Ingreso Mínimo Vital; xa que as oficinas da Seguridade Social aínda permanecían pechadas e había usuarios que non contaban con medios nin coñecementos para presentaren a solicitude de forma telemática.

En canto á súa proposta sobre Cáritas, quero sinalar que desde o Departamento xa existe unha relación fluída e de colaboración con esta ONG.

2. **Sería posible a creación dun roupeiro municipal? Suxerimos que estaría ben que esta corporación participase nunha recollida de alimentos na tempada de verán.**

No que atinxe á posibilidade de establecer servizos de Roupeiro municipal ou de recollida de alimentos, este equipo de goberno é partidario de aplicar políticas sociais integradoras cuxo obxectivo fundamental sexa e de adoptar medidas encamiñadas a preservar sempre a dignidade da súa veciñanza.

3. **Gustaríanos coñecer os traballos que estivo acometendo o persoal de obras e servizos, e os conserxes de mantemento dos diversos edificios durante o confinamento.**

O persoal de obras e servizos estivo traballando os luns, mércores e venres, cun sistema de quendas previamente establecido. Os traballos centráronse, maiormente, na desinfección dos espazos públicos.

Rogos formulados por Don Jesús Ángel Rodríguez Piedras.

1. Rogamos que se cambien as bandeiras do Concello, pois dan mala imaxe.
2. É necesario que se adecente e se pinten a porta e as ventás do Concello.

Preguntas formuladas por Don Jesús Ángel Rodríguez Piedras.

1. **Como vai a xestión das praias? Hai concellos que tomaron restricións que nos poden afectar directamente, creando problemas tanto de aforo como de contaxios.**

Nos próximos días colocaremos uns paneis informativos nas praias nos que marcaremos un aforo estimado, que é o que nos indica a Xunta de Galicia nas recomendacións sanitarias. A Policía Local será a encargada de facer un seguimento diario e permanente, tomando as medidas concretas en cada momento, tal e como xa se fixo na tarde do pasado domingo. Estamos apelando á responsabilidade cidadá para que se respecten as medidas de seguridade e hixiene nos areais.

2. **Vai existir horario ou establecemento de zonas para as praias? Como e quen os vai delimitar? Como se controlará o aforo das praias e quen o levará a cabo?**

Temos que ser conscientes de que será imposible establecer mecanismos que permitan ter un control real da totalidade das praias, posto que na maioría dos casos teñen diversas entradas, polo que resultaría ineficaz a implantación dalgún sistema.

3. **Contemplouse a posibilidade de pedir axuda á Subdelegación ou contratar persoas para ese fin?**

Como xa indicamos na anterior pregunta, o control de aforo das praias é practicamente imposible pola propia xeografía dos nosos areais.

4. En canto ás infraestruturas das praias, cales son as medidas de seguridade e hixiene para que sexan seguras as duchas, os baños, os lavapés... ?

Os lavapés e duchas situaranse a unha distancia de 1,5 metros, e desinfectaranse cando se faga a limpeza diaria de praias. En canto aos baños, estamos estudando a maneira de ofrecer este servizo, para o que temos moitísimas dificultades.

5. Terán os veciños e veciñas de Bueu preferencia para as praias?

Legalmente non é posible. Non coñecemos ningunha Disposición Legal que permita limitar o acceso ás praias ou darlle preferencia ás persoas da localidade.

6. Por que non se informa dos bulos ou non bulos sobre contaxios da Covid19? Boto de menos máis información do Concello.

Cando temos información veraz ou confirmada, dende o goberno local vaise trasladando á cidadanía polos diversos medios. No Concello non podemos estar comentando bulos, agás cando sexan de extrema novidade.

7. Estanse adoptando medidas de control de turistas de fóra da provincia e que están preocupando a veciñanza de Bueu?

A quen lle corresponde o control de acceso e a mobilidade das persoas é ás autoridades autonómicas e estatais. Os concellos non temos competencia.